

ANXOS SEN BRILLO

Douglas Sirk, 1957

1621

ESTREA EN NUMAX: 28.10.2025 | V.O.S.E. | 91 min

Roger Schumann (Robert Stack), un piloto que combateu na Primeira Guerra Mundial, sobrevive facendo acrobacias coa súa avioneta. Burke Devlin (Rock Hudson), un xornalista local que se interesa pola familia Schumann, é testemuña da decadencia do piloto, da frustración da súa muller (Dorothy Malone) e tamén do sufrimento do seu fillo a causa das bromas que mecánicos e pilotos fan a costa de seu pai. Schumann, porén, non desiste na busca dunha oportunidade que lle permita, ademais de recuperar o amor propio, demostrar á súa familia que os antigos soños aínda son posibles.



Entrevista con Douglas Sirk: «Quixen levar ao cinema a obra de Faulkner desde os meus tempos na Ufa»

Por Jon Halliday

De onde sae o título de *Anxos sen brillo* (“*The Tarnished Angels*”) porque é bo? foi unha proposta do departamento de vendas da Universal porque “Pylon” non funcionaba. Conteilles que sempre quixen levar ao cinema o libro de Faulkner xa en tempos da Ufa, pero o proxecto fora rexeitado. “Pylon” sempre me impresionou polos seus personaxes e sempre estiven moi interesado pola aviación, como vostede sabe.

Faulkner traballou moito en Hollywood, tamén o fixo neste filme? Non, porque eu non quixen. El tampouco quería. Faulkner sostiña sempre que non comprendía as películas. Zuckerman traballou comigo de novo e comprendeu que a historia debía ser “desfaulknerizada”, e así foi. Porén, aínda que o libro está completamente transformado, coido que os pesonaxes están moi próximos aos de Faulkner. Este home (Stack) que se busca a si mesmo, un home que se sostén en terreo incerto. A terra non lle achega a seguridade que atopa no aire. Unha idea insensata e magnífica, coido. E ao mesmo tempo é unha historia de amor, unha destas historias de amor imposible que sempre quixen facer.

O personaxe que máis me interesaba era o do piloto e pensei que Stack era o tipo axeitado para el. En canto a Burke Evlin (Rock Hudson), na novela o xornalista está moi próximo ao mundo dos aviadores. Pensei que sería mellor establecer un contraste e coido que deste xeito queda máis integrado do que estaba no libro de Faulkner. É un espello perfectamente pulimentado, colocado ante o mundo demencial dos pilotos, eses indios do aire. É o centro dos feitos tanto no libro como na película. E gústame o seu xeito de non ser completamente inmutable. Muda. Ao principio, mantén os ollos moi abertos, é inocente e reflicte simplemente os acontecementos: un espello para os extravagantes e case inhumanos protagonistas e a aparencia licenciosa da acción. Ao empezo non se interesa polo grupo de Schumann, o dos pilotos. Pero cando o seu coñecemento medra, amplíase a curiosidade até chegar á fascinación sexual aínda que mantén sempre a súa mente metódica e ordeada, modelada por un mundo burgués. Finalmente decátase de que os bohemios do aire teñen unha terra máis firme baixo os pés que a dos seus propios e seguros zapatos.

Vostede sabe que Faulkner estaba moi influído por Eliot, o gran poeta americano-inglés, que tivo unha enorme influencia na xeración de Faulkner e na miña. Onde mellor pode verse o impacto de Eliot é en “Pylon”. Hai un capítulo titulado “Canción de amor de J.A. Prufrock” que me gustaría lerlle porque llo recitaba a Hudson en plató para darlle a idea do que Faulkner quixo facer do xornalista:

“Non! Non son o príncipe Hamlet, nin pretendía selo;
Son un xefe de criados, un que vai procurar
Realizar algún progreso, emprender unha escena ou dúas,
Aconsellar o príncipe, sen dúbida un simple instrumento,
Deferente, contento de ser útil,
Astuto, precavido e meticuloso;
Rebosante de elevadas sentenzas, pero un pouco obtuso;
Ás veces, en realidade, case ridículo
Case, ás veces, o Tolo”.

(T.S. Eliot, *Collected Poems, 1909-1962*, Londres, 1968)

Publicado en *Douglas Sirk*, Jon Halliday (Fundamentos, 1971)



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Tiempo de vivir, tiempo de
revivir,*
Antonio Drove.
Athenaica

Poesías completas.
Volumen I: Poesía,
1909-1962,
T.S. Eliot.
Visor Libros